

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL CONSEJO GENERAL DEL PODER JUDICIAL, LA XUNTA DE GALICIA Y LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA RELATIVO A LA ESCUELA DE VERANO DEL PODER JUDICIAL, PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA DE LOS/LAS INTEGRANTES DE LA CARRERA JUDICIAL PARA EL AÑO 2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA RELATIVO Á ESCOLA DE VERÁN DO PODER XUDICIAL, PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA DOS/DAS INTEGRANTES DA CARREIRA XUDICIAL PARA O ANO 2025

Pazo de Mariñán, Bergondo, 1 de julio de 2025

REUNIDOS

De una parte, la vocal D^a Gema Espinosa Conde, como presidenta del Consejo Rector y directora de la Escuela de Verano del Poder Judicial en su edición de 2025, por acuerdo de delegación de 27 de junio de la Excm. Sra. Doña María Isabel Perelló Doménech, presidenta del Tribunal Supremo y del Consejo General del Poder Judicial, nombrada según Acuerdo (n^o 1-2^o) del Pleno del Consejo General del Poder Judicial de 3 de septiembre de 2024, Real Decreto 888/2024, de 3 de septiembre, (BOE de 4 de septiembre de 2024), en ejercicio de las facultades que le atribuye el artículo 585 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, y en representación del Consejo General del Poder Judicial según la previsión del artículo 598.1 de la Ley Orgánica del Poder Judicial.

De otra parte, por la Xunta de Galicia, el Sr. D. Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Justicia y Deportes de la Xunta de Galicia, en virtud del Decreto 44/2024, de 14 de abril, actuando en nombre y representación de la Xunta de Galicia, y en ejercicio de las facultades que le confiere el artículo 34 de la Ley 1/1983, de 22 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia.

REUNIDOS

Dunha parte, a vogal D^a Gema Espinosa Conde, como presidenta do Consello Rector e directora da Escola de Verán do Poder Xudicial na súa edición de 2025, por acordo de delegación do 27 de xuño da Excm. Sra. María Isabel Perelló Doménech, presidenta do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, nomeada segundo o Acordo (n^{úm.} 1-2^o) do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial do 3 de setembro de 2024 e o Real decreto 888/2024, do 3 de setembro (BOE do 4 de setembro de 2024), no exercicio das facultades que lle atribúe o artigo 585 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e en representación do Consello Xeral do Poder Xudicial segundo a previsión do artigo 598.1 da referida lei.

Doutra parte, pola Xunta de Galicia, o Sr. D. Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Y, de otra parte, por la Diputación Provincial de A Coruña, el Sr. D. Valentín González Formoso, Presidente de la Diputación de A Coruña, actuando de conformidad con lo dispuesto en el artículo 34 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local.

Todas las partes se reconocen con capacidad y legitimación suficiente en derecho para celebrar y firmar el presente Convenio de colaboración, y en su virtud

EXPONEN:

I. El artículo 122 de la Constitución Española establece que el Consejo General del Poder Judicial es el órgano de gobierno del mismo y será presidido por el Presidente del Tribunal Supremo. Asimismo, el artículo 104.2 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial (en adelante LOPJ), dispone que el gobierno del Poder Judicial corresponde al Consejo General del Poder Judicial, que ejerce sus competencias en todo el territorio nacional; y su Presidente, de conformidad con los artículos 105, 585 y 598.1 de la propia LOPJ, es la primera autoridad judicial de la nación y ostenta la representación del Poder Judicial y del órgano de gobierno del mismo. Es competencia de la Comisión Permanente del Consejo General del Poder Judicial la aprobación del convenio, que lo es por delegación del Pleno; si bien corresponde a la Presidenta *-ex lege-* la representación del Consejo en la firma del Convenio previamente aprobado, sin perjuicio de la posibilidad de la delegación de firma.

El Consejo General del Poder Judicial, entre sus funciones constitucionales de gobierno del Poder Judicial, ostenta la exclusiva competencia en materia de formación inicial y continuada de jueces y magistrados en virtud de lo dispuesto en el artículo 560.1. 7ª de la LOPJ, para cuyo ejercicio, de

E doutra parte, pola Deputación Provincial da Coruña, o Sr. D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña, actuando de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes se recoñecen con capacidade e lexitimación suficiente en dereito para formalizar e asinar o presente convenio de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN:

I. O artigo 122 da Constitución española establece que o Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano de goberno deste e que será presidido polo presidente do Tribunal Supremo. Así mesmo, o artigo 104.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (en diante, LOPX), dispón que o goberno do poder xudicial lle corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial, que exerce as súas competencias en todo o territorio nacional; e o seu presidente, de conformidade cos artigos 105, 585 e 598.1ª da propia LOPX, é a primeira autoridade xudicial da nación e ten atribuída a representación do poder xudicial e do órgano de goberno deste. É competencia da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial a aprobación do convenio, se ben lle corresponde ao presidente *-ex lege-* a representación do Consello na sinatura do convenio previamente aprobado, sen prexuízo da posibilidade da delegación de sinatura.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, entre as súas funcións constitucionais de goberno do poder xudicial, ten a exclusiva competencia en materia de formación inicial e continuada de xuíces e maxistrados en virtude do disposto no artigo 560.1.7ª da LOPX, para cuxo exercicio, de acordo co

acuerdo con lo previsto en el artículo 433bis.4 LOPJ, puede colaborar con entidades y organismos.

Por otra parte, el Estatuto de Autonomía de Galicia, en su artículo 20.1, confiere a la Comunidad Autónoma todas las facultades relativas a la atención de las necesidades de la Administración de Justicia.

Asimismo, la Diputación Provincial de A Coruña también tiene entre sus fines la participación en actividades que promuevan la formación y la cultura.

II. El Consejo General del Poder Judicial y la Xunta de Galicia mantienen, desde el año 1991, una intensa y fructífera colaboración en materia de formación continua de quienes integran la carrera judicial con destino en el territorio de la comunidad autónoma gallega.

En concreto, el 22 de abril de 1991 las dos partes llevaron a término un protocolo de convenio de colaboración en materia de formación de los integrantes de la carrera judicial con destino en la Comunidad Autónoma de Galicia, en el que quedaron sentadas las bases de la colaboración entre ambas instituciones en la materia.

III. Ambas partes en el año 1997, y con el propósito de intensificar su colaboración extendiéndola a otros programas de formación continua de los integrantes de la carrera judicial que prestan servicios fuera del territorio de esta comunidad autónoma, acordaron poner en marcha un programa de formación continua destinado a todos los integrantes de la carrera judicial, bajo la denominación específica de *Escuela de Verano del Poder Judicial*, que se realizaría en la Comunidad Autónoma de Galicia con la colaboración de la Xunta.

previsto no artigo 433 bis.4 da LOPX, pode colaborar con entidades e organismos.

Por outra parte, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 20.1, confírelle á Comunidade Autónoma todas as facultades relativas á atención das necesidades da Administración de xustiza.

Así mesmo, a Deputación Provincial da Coruña tamén ten entre os seus fins a participación en actividades que promovan a formación e a cultura.

II. O Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia manteñen, desde o ano 1991, unha intensa e frutífera colaboración en materia de formación continua das persoas que integran a carreira xudicial destinadas no territorio da comunidade autónoma galega.

En concreto, o 22 de abril de 1991 as dúas partes levaron a termo un protocolo de convenio de colaboración en materia de formación dos integrantes da carreira xudicial con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, no cal quedaron asentadas as bases da colaboración entre ambas as dúas institucións na materia.

III. Ambas as partes no ano 1997, e co propósito de intensificar a súa colaboración estendéndoa a outros programas de formación continua dos integrantes da carreira xudicial que prestan servizos fóra do territorio desta comunidade autónoma, acordaron pór en marcha un programa de formación continua destinado a todos os integrantes da carreira xudicial, baixo a denominación específica de *Escola de Verán do Poder Xudicial*, que se realizaría na Comunidade Autónoma de Galicia coa colaboración da Xunta.



Esta iniciativa se ha venido desarrollando con notable éxito durante los años 1997 a 2024, suscribiéndose al efecto los correspondientes convenios anuales en los que se desarrollaba la colaboración entre las dos instituciones citadas y la Diputación Provincial de A Coruña.

IV. Es voluntad de las partes indicadas mantener la colaboración para el desarrollo y sostenimiento de la Escuela de Verano del Poder Judicial, dotándola de unas características propias respecto del resto de los programas y acciones formativas dirigidos a los integrantes de la carrera judicial, con la intención de configurarla como un foro permanente de discusión, a modo de laboratorio de ideas que surta a nuestra Administración de Justicia de nuevas fórmulas que permitan a las partes implicadas colaborar en la labor común de conseguir una Justicia mejor.

Esta iniciativa veuse desenvolvendo con notable éxito durante os anos 1997 a 2024, subscribíndose ao efecto os correspondentes convenios anuais nos que se desenvolvía a colaboración entre as dúas institucións citadas e a Deputación Provincial da Coruña.

IV. É vontade das partes indicadas manter a colaboración para o desenvolvemento e sostemento da Escola de Verán do Poder Xudicial, dotándoa dunhas características propias respecto do resto dos programas e accións formativas dirixidos aos integrantes da carreira xudicial, coa intención de configurala como un foro permanente de discusión, a xeito de laboratorio de ideas que provexa a nosa Administración de xustiza de novas fórmulas que lles permitan ás partes implicadas colaborar no labor común de conseguir unha Xustiza mellor.

CLÁUSULAS

PRIMERA.- Objeto del convenio.

El presente convenio tiene por objeto desarrollar el contenido concreto de la colaboración entre el Consejo General del Poder Judicial (por medio de la Escuela Judicial), la Xunta de Galicia (a través de la Consellería de Presidencia, Justicia y Deportes) y la Diputación Provincial de A Coruña, para el año 2025, con objeto de llevar a cabo el programa de formación continua *Escuela de Verano del Poder Judicial*, destinado a toda la carrera judicial, en atención a sus respectivas disponibilidades presupuestarias, y establecer un plan de actuación conjunta con los programas, proyectos y actividades que se determinen dentro de la Escuela de Verano del Poder Judicial.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto desenvolver o contido concreto da colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial (por medio da Escola Xudicial), a Xunta de Galicia (a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e mais a Deputación Provincial da Coruña, para o ano 2025, co obxecto de levar a cabo o programa de formación continua *Escola de Verán do Poder Xudicial*, destinado a toda a carreira xudicial, en atención ás súas respectivas dispoñibilidades orzamentarias, e establecer un plan de actuación conxunta cos programas, proxectos e actividades que se determinen dentro da Escola de Verán do Poder Xudicial.

SEGUNDA.- Finalidad de la Escuela de Verano del Poder Judicial y sede.

La finalidad de la Escuela de Verano es desarrollar programas de actividades de formación dirigidos a la carrera judicial, así como a diferentes colectivos y profesionales que guarden relación con los temas específicos que se traten.

La Escuela de Verano del Poder Judicial tendrá como lugar de realización de sus actividades el Pazo de Mariñán, propiedad de la Diputación Provincial de A Coruña.

TERCERA.- Consejo Rector de la Escuela de Verano del Poder Judicial.

Se crea el Consejo Rector de la Escuela de Verano del Poder Judicial, que estará integrado por:

1. Un miembro en representación del Consejo General del Poder Judicial, designado por dicho órgano a tal fin, que será, a su vez, Presidente del Consejo Rector y Director de la Escuela de Verano del Poder Judicial.
2. El Conselleiro de Presidencia, Justicia y Deportes del Gobierno de la Xunta de Galicia.
3. El Presidente de la Diputación Provincial de A Coruña.

El Secretario del Consejo Rector de la Escuela de Verano del Poder Judicial será un/a letrado/a nombrado/a por el Consejo General del Poder Judicial.

El Consejo Rector de la Escuela de Verano del Poder Judicial asumirá la organización y gestión material de todas las actividades de formación y perfeccionamiento que se desarrollen en el ámbito de

SEGUNDA.- Finalidade da Escola de Verán do Poder Xudicial e sede.

A finalidade da Escola de Verán é desenvolver programas de actividades de formación dirixidos á carreira xudicial, así como a diferentes colectivos e profesionais que garden relación cos temas específicos que se traten.

A Escola de Verán do Poder Xudicial terá como lugar de realización das súas actividades o Pazo de Mariñán, propiedade da Deputación Provincial da Coruña.

TERCEIRA.- Consello Reitor da Escola de Verán do Poder Xudicial.

Créase o Consello Reitor da Escola de Verán do Poder Xudicial, que estará integrado por:

1. Un membro en representación do Consello Xeral do Poder Xudicial, designado polo dito órgano para tal fin, que será, á súa vez, presidente do Consello Reitor e director da Escola de Verán do Poder Xudicial.
2. O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes do Goberno da Xunta de Galicia.
3. O presidente da Deputación Provincial da Coruña.

O secretario do Consello Reitor da Escola de Verán do Poder Xudicial será un/unha letrado/a nomeado/a polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

O Consello Reitor da Escola de Verán do Poder Xudicial asumirá a organización e xestión material de todas as actividades de formación e perfeccionamento que se desenvolvan no ámbito

este convenio.

CUARTA.- Funcionamiento del Consejo Rector.

El Consejo Rector es el órgano de seguimiento y control de este convenio, conforme a lo establecido en el artículo 49.f) de la Ley 40/2015 de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, es el instrumento acordado por las partes para el seguimiento, vigilancia y control del Convenio y de los compromisos adquiridos por los firmantes y ejercerá sus funciones de acuerdo con lo establecido en los artículos 51.2.c) y 52.3 de la mencionada Ley, ajustándose su composición y funciones al contenido de la Sección Tercera del Capítulo II del Título Preliminar de la Ley 40/2015, LRJSP, artículos 15 y siguientes.

El Consejo Rector se reunirá al menos una vez al año y cuando lo convoque su Presidente, o a petición de dos de sus integrantes.

Las decisiones se adoptarán por mayoría de sus componentes, siendo de calidad el voto del Presidente en caso de empate. El Secretario del Consejo Rector participará en las reuniones con voz y sin voto. El orden del día será fijado por su Presidente.

Son funciones específicas del Consejo Rector las siguientes:

- a) Hacer el seguimiento y evaluación del desarrollo de los contenidos del presente convenio, realizando funciones de coordinación entre las instituciones firmantes.
- b) Interpretar las cuestiones que se susciten derivadas de este convenio y resolver las dudas que puedan surgir de su ejecución.

deste convenio.

CUARTA.- Funcionamento do Consello Reitor.

O Consello Reitor, como órgano de seguimiento e control deste convenio consonte o establecido no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (de aquí en diante, LRXSP), é o instrumento acordado polas partes para o seguimiento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.2.c) e 52.3 da mencionada lei, axustándose a súa composición e funcións ao contido da sección terceira do capítulo II do título preliminar da LRXSP, artigos 15 e seguintes.

O Consello Reitor reunirse polo menos unha vez ao ano e cando o convoque o seu presidente, ou a petición de dous dos seus integrantes.

As decisións adoptaranse por maioría dos seus compoñentes, sendo de calidade o voto do presidente en caso de empate. O secretario do Consello Reitor participará nas reunións con voz e sen voto. A orde do día será fixada polo seu presidente.

Son funcións específicas do Consello Reitor as seguintes:

- a) Facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento dos contidos do presente convenio, realizando funcións de coordinación entre as institucións asinantes.
- b) Interpretar as cuestións que se susciten derivadas deste convenio e resolver as dúbidas que poidan xurdir da súa execución.

c) Proponer al órgano competente del Consejo General del Poder Judicial las actividades a desarrollar, para su definitiva aprobación, así como el presupuesto económico necesario para su realización y el compromiso financiero de cada una de las partes.

d) Determinar el plan de actuación para la realización del programa de la Escuela de Verano del Poder Judicial, determinando, en su caso, los medios materiales y personales necesarios para el mejor desarrollo de las actividades.

e) Hacer el seguimiento y evaluación del desarrollo de las acciones formativas que se realicen.

c) Proporlle ao órgano competente do Consello Xeral do Poder Xudicial as actividades a desenvolver, para a súa definitiva aprobación, así como o orzamento económico necesario para a súa realización e o compromiso financeiro de cada unha das partes.

d) Determinar o plan de actuación para a realización do programa da Escola de Verán do Poder Xudicial, determinando, se for o caso, os medios materiais e persoais necesarios para o mellor desenvolvemento das actividades.

e) Facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento das accións formativas que se realicen.

QUINTA. Funciones del Presidente del Consejo Rector.

Corresponden al Presidente del Consejo Rector de la Escuela de Verano del Poder Judicial las siguientes funciones:

- a) Dirigir y coordinar las actividades de la Escuela de Verano del Poder Judicial.
- b) Las que específicamente le asigne el Consejo Rector.

SEXTA.- Publicidad y difusión.

Tanto en la publicidad y documentación de la Escuela de Verano como en la publicación con el contenido de los cursos, que en su caso serán objeto de difusión entre toda la carrera judicial, se hará constar la colaboración de las tres entidades firmantes.

QUINTA.- Funcións do presidente do Consello Reitor.

Correspóndenlle ao presidente do Consello Reitor da Escola de Verán do Poder Xudicial as seguintes funcións:

- a) Dirixir e coordinar as actividades da Escola de Verán do Poder Xudicial.
- b) As que especificamente lle asigne o Consello Reitor.

SEXTA.- Publicidade e difusión.

Tanto na publicidade e documentación da Escola de Verán coma na publicación co contido dos cursos, que se for o caso serán obxecto de difusión entre toda a carreira xudicial, farase constar a colaboración das tres entidades asinantes.

SÉPTIMA. - Compromisos de las partes y financiación.

El coste de realización de los objetivos convenidos para el año 2025 será financiado por las instituciones mediante aportaciones que se determinarán en función de las acciones que se realicen y de las disponibilidades presupuestarias existentes.

La forma de financiación para la realización de las actividades de la Escuela de Verano del Poder Judicial durante este año 2025 será la siguiente:

- El Consejo General del Poder Judicial aportará la cantidad de hasta CUARENTA Y CINCO MIL EUROS (45.000 €), con cargo a la aplicación presupuestaria 080132.1110.22606, 080132.1110.230 y 080132.1110.231 de los vigentes presupuestos del Consejo.
- La Xunta de Galicia aportará la cantidad de hasta VEINTICINCO MIL EUROS (25.000 €), con cargo a la aplicación 05.03.131A.226.06 de los vigentes presupuestos de la Comunidad Autónoma.
- La Diputación Provincial de A Coruña aportará la cantidad de hasta TREINTA MIL EUROS (30.000 €).

Para un normal desarrollo de la gestión de los gastos que se deriven de la acción formativa que integra la programación de la Escuela de Verano, el Consejo General del Poder Judicial llevará a cabo la gestión económica de los gastos relativos a las indemnizaciones que por razón de servicio correspondan a quienes participen en las actividades (docentes y discentes), formateo de las grabaciones y elaboración de libro electrónico, si existieran suficientes ponencias.

Corresponderá a la Xunta de Galicia la gestión económica correspondiente a las retribuciones de

SÉTIMA.- Compromisos das partes e financiamento.

O custo de realización dos obxectivos convidos para o ano 2025 será financiado polas institucións mediante achegas que se determinarán en función das accións que se realicen e das disponibilidades orzamentarias existentes.

A forma de financiamento para a realización das actividades da Escola de Verán do Poder Xudicial durante este ano 2025 será a seguinte:

- O Consello Xeral do Poder Xudicial achegará a cantidade de ata CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 080132.1110.22606, 080132.1110.230 e 080132.1110.231 dos vixentes orzamentos do Consello.
- A Xunta de Galicia fornecerá a cantidade de ata VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000 €), con cargo á aplicación 05.03.131A.226.06 dos vixentes orzamentos da Comunidade Autónoma.
- A Deputación Provincial da Coruña fornecerá a cantidade de ata TRINTA MIL EUROS (30.000 €).

Para un normal desenvolvemento da xestión dos gastos que deriven das accións formativas que integran a programación da Escola de Verán, o Consello Xeral do Poder Xudicial levará a cabo a xestión económica dos gastos relativos ás indemnizacións que por razón de servizo correspondan a quen participen nas actividades (docentes e discentes), á formatación das gravacións e mais á elaboración do libro electrónico, de existiren relatorios abondos.

Corresponderalle á Xunta de Galicia a xestión económica relativa ás retribucións dos/as

los/las colaboradores/as docentes, así como la de otros gastos relacionados con la organización y funcionamiento de la actividad programada para la presente edición de la Escuela de Verano.


La Diputación Provincial de A Coruña asumirá los gastos generados por el uso de las instalaciones y servicios del Pazo de Mariñán en el desarrollo de las actividades de la Escuela de Verano del Poder Judicial, así como los gastos relativos a la grabación y retransmisión (audio y vídeo) de todas las sesiones que se lleven a cabo en desarrollo del curso programado, hasta el importe máximo ya indicado, incluidos los generados por el personal administrativo de apoyo al desarrollo de los cursos. Se incluyen en el patrocinio los servicios incluidos en las tarifas primera (alojamiento), segunda (manutención solamente), tercera (cesión de locales e instalaciones) y cuarta (servicios extras) del precio público por la utilización del Pazo de Mariñán, de acuerdo con los importes fijados en la ordenanza fiscal vigente para el año 2025. En el caso de que los gastos fueran superiores al importe citado, serán abonados por el Consejo General del Poder Judicial, siempre que exista crédito disponible en el expediente de gastos tramitado por el Consejo General del Poder Judicial para esta actividad. En el caso de que no exista crédito disponible, corresponderá al Consejo Rector de la Escuela de Verano determinar la forma de financiar dichos gastos por las partes, previa realización de la oportuna liquidación por parte de la Diputación Provincial de A Coruña. Para este último supuesto, si le correspondiese al Consejo General del Poder Judicial el abono de alguna cantidad adicional a los 45.000 establecidos como importe máximo, sería necesario que la Comisión Permanente acordase una ampliación del referido presupuesto.

En el caso de que los gastos totales efectuados por la Xunta y el Consejo General del Poder Judicial superaran la suma de 50.000 euros, y la primera de

colaboradores/as docentes, así como a doutros gastos relacionados coa organización e funcionamento da actividade programada para a presente edición da Escola de Verán.

A Deputación Provincial da Coruña asumirá os gastos xerados polo uso das instalacións e servizos do Pazo de Mariñán no desenvolvemento das actividades da Escola de Verán do Poder Xudicial, así como os gastos relativos á gravación e retransmisión (audio e vídeo) de todas as sesións que se leven a cabo durante o curso programado, ata o importe máximo xa indicado, incluídos os xerados polo persoal administrativo de apoio ao desenvolvemento dos cursos. Inclúense no patrocinio os servizos comprendidos nas tarifas primeira (aloxamento), segunda (manutención soamente), terceira (cesión de locais e instalacións) e cuarta (servizos extra) do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán, de acordo cos importes fixados na ordenanza fiscal vixente para o ano 2025. No caso de que os gastos sexan superiores ao importe citado, serán aboados polo Consello Xeral do Poder Xudicial, sempre que exista crédito dispoñible no expediente de gastos tramitado polo Consello Xeral do Poder Xudicial para esta actividade. No caso de que non exista crédito dispoñible, corresponderalle ao Consello Reitor da Escola de Verán determinar a forma de financiar os ditos gastos polas partes, logo da realización da oportuna liquidación por parte da Deputación Provincial da Coruña. Para este último supuesto, de corresponderlle ao Consello Xeral do Poder Xudicial o aboamento dalgunha cantidade adicional aos 45.000 € establecidos como importe máximo, sería preciso que a Comisión Permanente acordase unha ampliación do referido orzamento.

No caso de que os gastos totais efectuados pola Xunta e o Consello Xeral do Poder Xudicial superasen a suma de 50.000 euros, e a primeira das



las instituciones citadas hubiese consumido la totalidad de su aportación de 25.000 euros, el exceso sería con cargo exclusivo al Consejo General del Poder Judicial, hasta un máximo de 45.000 euros. En el supuesto de que tales gastos totales no superaran la cifra de 50.000 euros, los gastos se abonarían al 50% por ambas instituciones.

Una vez concluidas las actividades objeto de este convenio, y en todo caso antes del día 30 de noviembre de 2025, el Director General de Justicia de la Xunta de Galicia, el Gerente del Consejo General del Poder Judicial y la Diputación de A Coruña justificarán los gastos realizados por cada una de las partes mediante certificaciones detalladas para proceder a la liquidación económica del convenio, en los términos anteriormente referidos.

El abono de las diferentes partidas o gastos realizados por las partes tiene un carácter provisional y, por tanto, una vez realizada la liquidación definitiva del convenio, el Consejo General del Poder Judicial y la Dirección General de Justicia satisfarán al órgano gestor correspondiente por el procedimiento que se establezca el importe por el que pudieran resultar deudores, de acuerdo con lo indicado anteriormente. Junto con la certificación se acompañará relación de los gastos que conforman el importe certificado. Asimismo, cualquiera de las partes firmantes del convenio puede solicitar los documentos justificativos de los citados gastos.

OCTAVA.- Acreditaciones de la Escuela de Verano del Poder Judicial.

La asistencia y participación en la actividad de formación y perfeccionamiento que se realice en el curso de la Escuela Verano del Poder Judicial se acreditará por medio de la expedición de diplomas o certificaciones de asistencia, que serán expedidos conjuntamente por las instituciones organizadoras.

institucións citadas consumira a totalidade da súa contribución de 25.000 euros, o exceso sería con cargo exclusivo ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ata un máximo de 45.000 euros. No suposto de que tales gastos totais non superasen a cifra de 50.000 euros, os gastos serían aboados ao 50% por ambas as institucións.

Unha vez concluídas as actividades obxecto deste convenio, e en todo caso antes do día 30 de novembro de 2025, o director xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, o xerente do Consello Xeral do Poder Xudicial e mais a Deputación da Coruña xustificarán os gastos realizados por cada unha das partes mediante certificacións detalladas para proceder á liquidación económica do convenio, nos termos anteriormente referidos.

O aboamento das diferentes partidas ou gastos realizados polas partes ten un carácter provisional, e xa que logo, unha vez realizada a liquidación definitiva do convenio, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Dirección Xeral de Xustiza satisfaránlle ao órgano xestor correspondente, polo procedemento que se estableza, o importe polo que puideran resultar debedores, de acordo co indicado anteriormente. Canda a certificación xuntarase unha relación dos gastos que conforman o importe certificado. Así mesmo, calquera das partes asinantes do convenio pode solicitar os documentos xustificativos dos citados gastos.

OITAVA.- Acreditacións da Escola de Verán do Poder Xudicial.

A asistencia e participación nas actividades de formación e perfeccionamento que se realicen nos cursos da Escola de Verán do Poder Xudicial acreditarase por medio da expedición de diplomas ou certificacións de asistencia, que serán expedidos conxuntamente polas institucións organizadoras.



NOVENA. - Eficacia del convenio.

El presente convenio se perfeccionará por la prestación del consentimiento de las partes mediante su firma, y tendrá un periodo de vigencia desde la fecha de suscripción del mismo hasta el 31 de diciembre de 2025. No obstante, atendiendo a la evaluación que habrá de formular el Consejo Rector de este convenio antes del 1 de diciembre del presente año, las partes podrán acordar continuar la relación de cooperación para el ejercicio del año 2026 mediante la suscripción del correspondiente convenio, en el que se especificarán los compromisos de cada una de ellas, que en todo caso estarán condicionados a las disponibilidades presupuestarias, y sin perjuicio de la modificación o modificaciones que se estime pertinente introducir.

El presente convenio deroga el convenio suscrito anteriormente entre las tres instituciones.

DÉCIMA. - Publicidad.

Este convenio será objeto de publicación, de acuerdo con lo previsto en la Ley 1/2016, de 18 de enero, de Transparencia y Buen Gobierno, de la Administración Pública Gallega. Asimismo, se incluirá en el Registro Público de Ayudas, Subvenciones y Convenios, de conformidad con el Decreto 132/2006, de 27 de julio, por el que se regulan los registros públicos creados en los artículos 44 y 45 de la Ley 7/2005, de 29 de diciembre, de Presupuestos Generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2006.

Las partes firmantes del convenio manifiestan su consentimiento para que los datos personales que constan en este convenio, así como el resto de las especificaciones contenidas en el mismo,

NOVENA.- Eficacia do convenio.

O presente convenio perfeccionarase coa prestación do consentimento das partes mediante a súa sinatura, e terá un período de vixencia desde a data da súa suscripción ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, atendendo á avaliación que terá que formular o Consello Reitor deste convenio antes do 1 de decembro do presente ano, as partes poderán acordar continuar a relación de cooperación para o exercicio do ano 2026 mediante a suscripción do correspondente convenio, no que se especificarán os compromisos de cada unha delas, que en todo caso estarán condicionados ás disponibilidades orzamentarias, e sen prexuízo da modificación ou modificacións que se estime pertinente introducir.

O presente convenio derroga o convenio suscrito anteriormente entre as tres institucións.

DÉCIMA.- Publicidade.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como resto das especificacións contidas nel, se poidan publicar no

puedan publicarse en el Portal de transparencia y Gobierno abierto y en el Registro de Convenios de la Xunta de Galicia.

Portal de transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DECIMOPRIMERA. - Protección de datos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Protección de datos.

En relación con la seguridad de la información y la protección de datos de carácter personal, las partes asumen las siguientes actuaciones y compromisos:

En relación coa seguridade da información e a protección de datos de carácter persoal, as partes asumen as seguintes actuacións e compromisos:

a) En el tratamiento de los datos de carácter personal, cada parte será responsable de los tratamientos necesarios para la aplicación del convenio, en aplicación del Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (en lo sucesivo, RGPD).

a) No tratamento dos datos de carácter persoal, cada parte será responsable dos tratamentos necesarios para a aplicación do convenio, en aplicación do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (de aquí en diante, RXPD).

b) El Consejo General del Poder Judicial es responsable del tratamiento de los datos personales correspondientes a la participación de los miembros de la carrera judicial en los ciclos, cursos, seminarios, coloquios o mesas redondas realizados en ejecución del presente convenio, así como de los tratamientos relativos a la gestión y tramitación de las actividades docentes, administrativas y económicas derivadas de los mismos. Los referidos datos personales serán incorporados a las actividades de tratamiento del Consejo General del Poder Judicial denominadas «Formación continua y complementaria» y «Profesores». La Xunta de Galicia es, por su parte, responsable de los tratamientos relativos a la gestión y tramitación de las actividades docentes, administrativas y económicas derivadas del desarrollo de ciclos, cursos, seminarios, coloquios o mesas redondas.

b) O Consello Xeral do Poder Xudicial é responsable do tratamento dos datos persoais correspondentes á participación dos membros da carreira xudicial nos ciclos, cursos, seminarios, coloquios ou mesas redondas realizados en execución do presente convenio, así como dos tratamentos relativos á xestión e tramitación das actividades docentes, administrativas e económicas derivadas deles. Os referidos datos persoais serán incorporados ás actividades de tratamento do Consello Xeral do Poder Xudicial denominadas «Formación continua e complementaria» e «Profesores». A Xunta de Galicia é, pola súa banda, responsable dos tratamentos relativos á xestión e tramitación das actividades docentes, administrativas e económicas derivadas do desenvolvemento de ciclos, cursos, seminarios, coloquios ou mesas redondas. E a Deputación



Y la Diputación Provincial de A Coruña es responsable de los datos de nombre y apellidos necesarios para identificar a los asistentes de las actividades, a los efectos de control de seguridad y alojamiento.

La determinación de la esfera de responsabilidad de las partes signatarias se comunicará a los titulares de los datos al informarles de los derechos contemplados en la letra f) de la presente cláusula.

c) Los datos derivados de este Convenio serán de carácter identificativo y financiero, y se ceñirán a los estrictamente necesarios para dar cumplimiento a lo dispuesto en el objeto establecido en el convenio.

d) En el caso de que se produzcan incidentes de seguridad que afecten a los tratamientos derivados de este convenio, las partes se comprometen a informarse mutuamente con la máxima celeridad posible con objeto de identificar si el incidente es susceptible de comunicación a la autoridad de control (la Agencia Española de Protección de Datos) y a las personas concernidas, sin sobrepasar el límite de setenta y dos horas, según establece el RGPD en su artículo 33. A su vez, las partes se comprometen a colaborar para resolver el incidente y a poner los medios para que no se vuelvan a producir incidentes similares.

e) Las partes fijarán interlocutores relativos a la seguridad de la información y a la protección de datos personales, que se encargarán de comunicar y coordinar el tratamiento de los posibles incidentes de seguridad que se produzcan.

f) Los/Las titulares de los datos podrán ejercer sus derechos de acceso, rectificación, supresión, cancelación, limitación de tratamiento y

Provincial da Coruña é responsable dos datos de nome e apelidos necesarios para identificar os asistentes das actividades, para os efectos de control de seguridade e aloxamento.

A determinación da esfera de responsabilidade das partes signatarias comunicáraselles aos titulares dos datos ao informalos dos dereitos enumerados na letra f) da presente cláusula.

c) Os datos derivados deste convenio serán de carácter identificativo e financeiro, e cinguiranse aos estrictamente necesarios para lle dar cumprimento ao disposto no obxecto establecido no convenio.

d) No caso de que se produzan incidentes de seguridade que afecten aos tratamentos derivados deste convenio, as partes comprométense a se informar mutuamente coa máxima celeridade posible co obxecto de identificar se o incidente é susceptible de comunicación á autoridade de control (a Axencia Española de Protección de Datos) e ás persoas concernidas, sen superar o límite de setenta e dúas horas, segundo establece o RXPd no seu artigo 33. Á súa vez, as partes comprométense a colaborar para resolver o incidente e a pór os medios para que non se volvan producir incidentes similares.

e) As partes fixarán interlocutores relativos á seguridade da información e á protección de datos persoais, que se encargarán de comunicar e coordinar o tratamento dos posibles incidentes de seguridade que se produzan.

f) Os/As titulares dos datos poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, cancelación, limitación de tratamento e



oposición en la dirección correspondiente a sus respectivas sedes en cada momento.

oposición no enderezo correspondente ás súas respectivas sedes en cada momento.

Del mismo modo, también podrán ejercitar dichos derechos en los formularios web accesibles en las siguientes direcciones:

Do mesmo xeito, tamén poderán exercer os ditos dereitos nos formularios web accesibles nos seguintes enderezos:

- En el caso del Consejo General del Poder Judicial:

<https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Proteccion-de-Datos/Ejercicio-de-derechos--formulario/>

- En el caso de la Xunta de Galicia:

<https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>

- Y en el caso de la Diputación Provincial de A Coruña:

<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impressos-oficiais/#Protecci%C3%B3n+de+datos+persoais>

- No caso do Consello Xeral do Poder Xudicial:

<https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Proteccion-de-Datos/Ejercicio-de-derechos--formulario/>

- No caso da Xunta de Galicia:

<https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>

- E no caso da Deputación Provincial da Coruña:

<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impressos-oficiais/#Protecci%C3%B3n+de+datos+persoais>

Las partes se comprometen a cumplir, en los términos que sean de aplicación, lo establecido en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y Garantía de Derechos Digitales, y en sus disposiciones de desarrollo; en la Ley 19/2013 de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno; en el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento General de protección de datos); y en la demás normativa vigente.

As partes comprométese a cumprir, nos termos que sexan de aplicación, o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, e nas súas disposicións de desenvolvemento; na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento xeral de protección de datos); e na demais normativa vixente.

DECIMOSEGUNDA.-Modificación, resolución y extinción del convenio.

El presente convenio podrá ser modificado por

DÉCIMO SEGUNDA.-Modificación, resolución e extinción do convenio.

O presente convenio poderá ser modificado por

mutuo acuerdo de las partes a través de la suscripción de la correspondiente adenda modificativa, que deberá ser suscrita por las mismas autoridades que firman este.

De acuerdo con el artículo 51 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre:

1. El convenio se extingue por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) La denuncia del convenio cuando se estime que se han producido alteraciones sustanciales en las condiciones en las que ha sido suscrito.

d) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en el plazo de dos meses con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio.

e) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

mutuo acordo das partes a través da suscripción da correspondente addenda modificativa, que deberá ser suscrita polas mesmas autoridades que asinan este.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro:

1. O convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen se ter acordada a súa prórroga.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) A denuncia do convenio cando se estime que se produciron alteracións substanciais nas condicións nas cales se subscribiu.

d) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra no prazo de dous meses coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

e) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



f) Por causa de fuerza mayor que imposibilite el objeto del convenio.

g) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en las leyes.

La resolución del convenio no afectará a la finalización de las actividades que estuvieran en ejecución, para las que el Consejo Rector establecerá un plazo improrrogable de finalización, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 52.3 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.

DECIMOTERCERA.- Régimen jurídico.

Este convenio tiene naturaleza administrativa y se rige por la Ley 40/2015. La actividad en cuestión, objeto del presente convenio de colaboración tiene carácter no contractual (artículos 6.2 LCSP y 50.1 LRJSP). El conocimiento de las cuestiones litigiosas que pudieran producirse como consecuencia de la ejecución del presente convenio, y que no hayan podido ser solucionadas de común acuerdo por las partes en el Consejo Rector, corresponderá a la jurisdicción contencioso-administrativa.

DECIMOCUARTA. Relación entre Las partes.

La firma del presente convenio no supone relación laboral, contractual o de cualquier tipo entre los profesionales que vayan a desarrollar las actividades y las entidades que lo firman, de tal forma que no se les pueda exigir responsabilidad alguna directa ni subsidiaria por los actos o hechos acontecidos en el desarrollo del mismo.

De conformidad con todo lo expuesto y convenido, y en el ejercicio de las atribuciones de que son

f) Causa de forza maior que imposibilite o obxecto do convenio.

g) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

A resolución do convenio non afectará á finalización das actividades que estean en execución, para as que o Consello Reitor establecerá un prazo improrrogable de finalización, en cumprimento do disposto no artigo 52.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.


DÉCIMO TERCEIRA.- Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e réxese pola Lei 40/2015. A actividade en cuestión obxecto do presente convenio de colaboración ten carácter non contractual (artigos 6.2 da Lei de contratos do sector público e 50.1 da LRXSP). O coñecemento das cuestións litixiosas que se poidan producir como consecuencia da execución do presente convenio e que non puideran ser solucionadas de común acordo polas partes no Consello Reitor corresponderalle á xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- Relación entre as partes.

A sinatura do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e as entidades que o asinan, de tal forma que non se lles pode esixir ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo.

De conformidade con todo o exposto e convido, e no exercicio das atribucións de que son titulares os



titulares los firmantes, suscriben el presente convenio en el lugar y fecha al principio indicados.

asinantes, suscriben o presente convenio no lugar e data ao principio indicados.

La Presidenta del Tribunal Supremo y del
Consejo General del Poder Judicial
P.D. (Acuerdo de 27/06/2025)
La Vocal del Consejo General del Poder
Judicial

Gema Espinosa Conde

El conselleiro de Presidencia, Justicia y
Deportes de la Xunta de Galicia,

Diego Calvo Pouso

El presidente de la Diputación Provincial de
A Coruña

Valentín González Formoso